

## A CORUÑA E A SÚA BANDA MUNICIPAL



Na actualidade, A Coruña pode gabarse, e con razón, de ser a cidade musicalmente máis avanzada de Galicia. Estamos xa de cheo no século XXI e esta situación é o froito dunha dilatada carreira que comeza moitos anos atrás. Dende os primeiros pasos desta carreira, a cidade estivo sempre acompañada por unha institución que fixo boa parte do traballo máis duro para colocar a Marineda no lugar que hoxe ocupa: a Banda Municipal. Son máis de 60 anos de historia nos que o seu traballo principal foi, ao meu humilde entender, o de crear unha masa crítica entre os afeccionados á música. Ollando os seus programas dende aqueles primeiros anos podemos atopar obras de moi distinto calado, de orixes diversas, encargos, estreos, e unha mancha de composicións que, paseniño, foron dándolle forma a unha maneira de entender a música e a unha evidente querencia por ela. Esa masa crítica sería, co paso do tempo, a responsable de conseguir situar á cidade no privilexiado lugar que agora ocupa, mantendo dous conservatorios, unha orquestra sinfónica, agrupacións camerísticas, festivais... E todo o que, musicalmente, define á Coruña. Para acadar esa situación, a Banda estivo sempre presente. Cos seus programas dominicais, coas súas actuacións en rúas e prazas, coas súas colaboracións pedagóxicas no entón chamado "Conservatorio de Música y Declamación", coa súa participación en proxectos alleos... Co seu profundo amor pola música e máis pola cidade á que tan dignamente representa. Sen a existencia dun grupo de profesionais como os que integraron a Banda ao longo da súa traxectoria, sería impensable a Coruña musical deste século

XXI. E todo, grazas ao teimudo esforzo de dous homes que, aló polo ano 1948, quixeron poñer a andar o proxecto: Antonio López Prado e Alfonso Molina. Dous visionarios que foron capaces de imaxinar unha cidade enchoupada en fusas e semicorcheas. As cidades distínguense unhas das outras cando adoptan posturas non miméticas e aprenden a valorar as súas características diferenciais. A Banda Municipal de A Coruña é un dos elementos que marcan esa diferenciación con respecto a outras cidades semellantes. Por todo iso, mil grazas e a miña máis fervente felicitación pola súa excelencia artística.

Rogelio Groba



**CÉSAR CONCEIRO  
GUERRICO**

Compoñente de Cántigas da Terra desde hai 24 anos e Director do coro desde o ano 2001. Formou parte da Banda Municipal da Coruña como frauta durante longos anos, pasando a formar parte desde o ano 2000 do Corpo de Profesores de música e artes escénicas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Na actualidade é profesor de frauta no Conservatorio Superior de Música de A Coruña. O seu traballo en Cántigas busca un achegamento ao xeito de entender o fenómeno dos coros Galegos e da música que interpretan, desde a actualidade, sendo modelo o propio coro na súa xa lonxana fundación, así como nas diferentes épocas nas que destacou, ben sexa pola calidade dos seus compoñentes, ou pola personalidade e arreglos dos distintos maestros que dirixiron ao coro. De entre os criterios de achegamento á música popular que se poden seguir, o actual director apoiado sempre pola directiva do mesmo encabezada nos últimos anos por Xeranio Torreiro e na actualidade por Xosé Carlos Ponte, segue o da fidelidade aos criterios fun

dacionais do coro. Criterios baseados no pensamento de que o xeito de facer música dos coros tradicionais Galegos é un xénero en sí mesmo. Unha busca continua da sonoridade orixinal, do correcto plantexamento expresivo e da corrección interpretativa forman parte do traballo diario do coro actual, herdeiro e continuador de aqueles que a principios do século X iniciaron esta grande aventura cultural. A música de Cántigas da Terra, que sae do máis profundo do saber popular, adquire así, máis alá do disfrute estético, un sentido profundo.

## CÁNTIGAS DA TERRA



Coa creación das Irmandades da Fala, o primeiro nacionalismo precisa pragmatizar os seus ideais de recuperación da identidade propia, promovendo así o uso público da lingua galega. Con tal fin nace Cántigas da Terra (A Coruña, 28-12-1916). Nun contexto de emoción e creatividade, produto do amor pola Terra, xermolan o canto, o baile, o teatro, a poesía, a pintura ... trátase dunha proposta que implica a case que todas as disciplinas culturais nun momento clave: os albores da globalización, nos que xa se albiscan síntomas de esquecemento e menosprezo cara ao propio. Ademais, a entidade axiña toma iniciativas importantes como a incorporación das mulleres (1921).

Ata o cruento golpe do 36, o coro mantivo unha intensa ligazón co movemento galeguista, mais cando comeza a guerra son moitos os que se agochan, foxen ou son fusilados e Cántigas tivo que se adaptar ao novo réxime de ditadura. Con todo, manter o canto en galego e a negativa e integrarse na Sección

## PROGRAMA

### CONCERTO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

#### Colabora: Cántigas da Terra

CAMIÑOS DA FIN DA TERRA - BMMC  
A. Alcalde

ALBORADA-TOCATA DE GAITA AO ALZAR  
GRUPO DE GAITAS CÁNTIGAS DA TERRA  
(Pasacorredoiras recollidas no cancionero de Casto Sampedro)

MUIÑEIRA VELLA DE MÓRDOMO  
GRUPO DE GAITAS CÁNTIGAS DA TERRA  
(Tradicional)

PANDEIRADA DE BRIÓN  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA + BMMC

PANDERIADA DE NEBRA  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA + BMMC + GRUPO DE BAILE

ALALÁ DE MUXÍA  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA + BMMC

FOLIADA DE S. BENITO DE ANGOARES  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA  
(Harmonización Mauricio Farto Parra)

MUIÑEIRA - BMMC  
P. de Sarasate

BRINCADEIRA / A LENDA DE MONTELONGO  
GRUPO DE BAILE + BMMC

CANTO DE TRULLADA - CORO CÁNTIGAS DA TERRA  
(Achegada a Cántigas da Terra por Xerardo Roque en 1927)

MANEO DE CAIÓN  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA + BMMC

CHASCARRASCHÁS  
CORO CÁNTIGAS DA TERRA + BMMC + GRUPO DE BAILE

*Nota: polo bien de todos prégase desconecten os móbiles durante o tempo que dure o concerto. Gracias*

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en [banda@coruna.es](mailto:banda@coruna.es)

*Femenina* simbolizan grandes logros nesta difícil circunstancia. Na altura, a agrupación florece no musical e gaña en popularidade, realizando multitude de viaxes e gravacións. Outro fito salientábel é que Cántigas consegue para Galicia o recoñecemento como nación celta dentro do II Congreso do Mundo Celta (Bretaña, 1954).

O repertorio constitúeno cántigas recollidas do imaxinario popular, moito antes de que a radio e a televisión fixesen aparición nas casas; destacando nas harmonizacións creadas a sensibilidade e o respecto dos mestres polas músicas orixinarias. Outra boa parte xorde de compositores capaces de crear melodías xenuínas que logo foron adoptadas como propias polo pobo, volvéndose anónimas.

Hoxe Cántigas da Terra está formada, ademais do coro, por grupo de gaitas, grupo de zanfonas e corpo de baile. A entidade traballa na recuperación do espazo que lle é propio dentro do País, no uso normal do noso idioma e na interrelación entre as distintas disciplinas culturais, cumprindo o desexo dos seus fundadores.

[...] Por meiazón distes coros, saberemos de Alalás, rianxeiras, montañesas, foliadas e outros cantos galegos que na cibdá descoñocíamos. Por meiazón d'íles, puidera sere - até o d'agora non foi-qu'ô tempo que van despertando o agarimo aos cantares enxebres, esperten tamén o agarimo á terra.

Pra chegare a iso, é mester, perciso, fondamente perciso, qu'os rapaces que cantan nos coros, sexan tan galegos cando cantan ou representan coma cando non o fan. [...]

(A Nosa Terra, 20 de sullo de 1917)

¿Qué din os rumorosos  
na costa verdecente  
ao raio transparente  
do prácido luar?

¿Qué din as altas copas  
de escuro arume arpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros  
confin dos verdes castros

e valeroso chan,  
non des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden  
e con arroubo atenden  
o noso ronco son,  
mais só os iñorantes  
e fêridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán;  
pois, donde quer, xigante  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.

Eduardo Pondal

## VINDEIROS CONCERTOS

Xoves 21 de maio - 20.30 h  
(Igrexa de San Nicolás)

### CONCERTO DE MÚSICA RELIXIOSA

C.P. EL ECO (dirixe: P. Martínez Tapia)

DIRECTOR: J.L. REPRESAS

## XUÑO 2015

### OS XOVES NO AGORA - 20.00 H

4 de xuño - Profundas amizades:

Dedicatorias musicais

SOLISTA: RUBÉN SIMEÓ DIRECTOR CONVIVIDO: D. FIUZA

11 de xuño - Las mil y una melodías

DIRECTOR CONVIVIDO: J.M. ROMERO

18 de xuño - Hogueras de San Juan

Gala lírica en colaboración con el conservatorio superior de música de A Coruña.

Sopranos: Marta Casas, Carla Romalde, Lis Teuntor y Cristina Suárez.

DIRECTOR: J.L. REPRESAS

25 de xuño - Final Concurso de Interpretación  
Jóvenes Solistas con la BMMC

Solistas: Silvia Rozas (flauta), Xavier Doural (trombón), Gregorio Keillin (cello), Pablo Neva (trompa), Óscar Vázquez (trombón baixo), Carla Gómez (clarinete)

DIRECTOR: J.L. REPRESAS



## PRAZA DE MARÍA PITA

17 DE MAIO - 12.00 H.

DIRECTOR DE CÁNTIGAS:

C. CONCEIRO

DIRECTOR BMMC:

J.L. REPRESAS

## CONCERTO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

